



Aprender e divertirse, máis importante ca nunca

Os Bolechas propoñen actividades, xogos e diversión para pasar a corentena

- ***Xogos e actividades na web, curso de inglés-galego e capítulos dos Bolechas son algunhas das propostas dispoñibles xa ás que se irán sumando moitas máis nos próximos días***
- ***O material didáctico sobre saúde e valores cívicos permite traballar coa cativada moitas das cuestións que nos afectan actualmente***

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2020.- Quedan por diante moitos días na casa e resulta imprescindible buscar momentos de ocio e de diversión pero tamén de aprendizaxe e repaso. É importante fixar uns hábitos especialmente de cara ás nenas e nenos máis pequenos. Os Bolechas, a través da web e das diferentes canles dixitais, ofrecen alternativas didácticas e de ocio que farán máis levadeiro este tempo na compañía dos personaxes favoritos da cativada galega.

Na web dos Bolechas (osbolechas.gal) hai dispoñibles en aberto varios xogos, desde sopas de letras e quebracabezas a debuxos para colorear, xogos de preguntas e respostas etc. Tamén na páxina web hai un apartado de descargas con materiais especialmente deseñados para promover a motricidade e a creatividade da cativada. Entre as propostas hai dúas pensadas para o día do pai, de forma que as nenas e nenos poidan continuar a súa actividade do xeito máis normalizado posible ao tempo que se divirten e aprenden.

Con este mesmo obxectivo na área didáctica da web hai dispoñible material para traballar diversas temáticas, tanto referentes a cultura e lingua como a hábitos saudables ou cidadanía, temas que cobran un especial interese neste momento no que a saúde, a solidariedade e a conciencia cívica e cidadá adquiren unha gran relevancia.

Outro material interesante é o curso de inglés-galego. Na páxina web osbolechas.gal/one2three, están dispoñibles tamén xogos e actividades, así como os capítulos da serie, perfectos para repasar pasándoo en grande cos Bolechas.

Audiovisuais e libros online e novo material en redes

Ademais dos capítulos da serie One2Three, na canle de TV da web dos Bolechas hai dispoñible moito material audiovisual, desde concertos ata capítulos da serie dos Bolechas e de Brauliotuber, o programa de Braulio nos colexios galegos, que tamén poden verse na canle de Youtube dos Bolechas, na web da Televisión de Galicia e mesmo na app do Xabarín. E, por suposto, cada día a canle pública autonómica continúa emitindo as aventuras da popular familia na programación infantil da súa

segunda canle.

Un material ao que se suman moitos dos libros e guías dos Bolechas dispoñibles online e novas propostas nas que se está a traballar e que se irán publicando ao longo dos próximos días tanto na web como nas redes sociais dos Bolechas, tanto en Facebook como en Twitter, co fin de colaborar a facer o máis levadeira posible esta difícil situación que estamos a vivir e normalizar no posible a vida diaria da cativada da man dos seus personaxes favoritos.

Links de interese

xogos

<https://www.osbolechas.gal/xogos.php>

<http://www.osbolechas.com/saude/>

<http://osbolechas.gal/acollementofamiliar/>

descargas:

<https://www.osbolechas.gal/descargas.php>

<http://osbolechas.gal/caan/miniguias.html>

área didáctica: <https://www.osbolechas.gal/paisemestres.php>

Saúde: “Móvete” e “Lavar os dentes”

Ir pola rúa

O entroido

Identificación de mascotas con microchips

canle TV: <https://www.osbolechas.gal/canal-tv.php>

Brauliotuber

Serie TV

Espectáculos

One2Three

Outros

curso de inglés-galego: <http://osbolechas.gal/one2three>

videoclip musical: <https://www.osbolechas.gal/chispum/video.html>

series e vídeos: <https://www.youtube.com/user/OsBolechas>

COGAMI E OS BOLECHAS: <http://www.osbolechas.gal/cogami/>

Unidade didáctica

Xogos: quiz, sopa de letras, desafío

Descargables: unir puntos, marcapáxinas, colorear

LIBROS

Os Bolechas aumentan a familia

https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=687740&name=DLFE-21510.pdf

O Centro Oceanográfico de Vigo

<http://www.ieo.es:8080/documents/2796493/3414230/Libro+de+los+bolechas/8a3d9c93-797c-4502-a885-9382e030bfe3>

Os Bolechas van ao Caan

http://osbolechas.gal/caan/imaxes/vanaocaan_web.pdf

Papá Bolechas doa sangue

<https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/gal/Publicaciones/Docs/AtEspecializada/PDF-2681-ga.pdf>

5 guías de actuación en emerxencias sanitarias para a cativada:

https://esaude.sergas.es/EPACI_epaciente/##saludAZ/saludAZCard/details/7_120486

Gatiños, ghatiñas, gatiós, xeitos de falarmos o galego

Libro:

<https://www.depo.gal/documents/1076146/7474172/Gati%C3%B1os%20%20ghati%C3%B1as%20%20gat%C3%ADos.pdf/8b771daf-d31b-44a9-ac87-88adb83edd9a>

Caderno de actividades:

https://www.depo.gal/documents/1076146/7474172/Caderno_Bolechas.pdf/fedf47e1-b662-4677-a1e0-27f8bed0a106

Os Bolechas van polo vieiro escolar

http://lugo.gal/sites/default/files/libro_lugovieiros_digital.pdf

Os Bolechas fan cousas de madeira

<http://clustermadeira.com/wp-content/uploads/2020/02/Os-Bolechas-fan-cousas-de-madeira.pdf>